

## A Virxe da Estrela (do Porto)

datos recollidos no CRA no 2004-05)

A lenda conta que na época das revoltas inglesas, os barcos que viñan de Inglaterra botaban as virxeas ó mar. Esta virxe foi recollida do mar na zona do Porto onde lle construíron unha ermida e de aí vén o seu nome, aínda que propio de seu sexa o de Virxe da Estrela.

Estas visitas axudáranos para coñecer mellor o noso contorno para facelo mural da nosa zona cos lugares máis emblemáticos, ben coñecidos por nós...



E aquí sentados recordámo-la relación de lugares coma este coas crenzas antergas dos portos do alén (do Máis Alá), como o de Santo André de Teixido ou o de Santa Comba de Covas... nos que as almas dos defuntos ían nos barcos de pedra (que bogaban aínda sendo de pedra porque eran sagrados e tiñan a maxia

dos deuses), no solpor, para subir de novo ás estrelas... Fixádesvos ademais que esta é a Virxe da Estrela...? porque nestas lendas relacionan as crenzas antergas coas da cristianización do lugar pois o lugar xa era sagrado para a xente da zona, seguramente, desde moitísimo denantes de que se colocara a ermida... A romería ten lugar e aquí o 11 de xullo pero esta virxe noutros lugares se festexa, entre outras datas, o 8 de setembro.



Se está a marea chea e moi mal tempo non se pode subir... A Sabella López Romero íana bautizar e aquí pero as circunstancias non deixaron facelo... Puxeron un día e unha hora

## Lenda da Virxe do Porto

Datos recollidos no CRA no 2004-05)

Na ría do Porto había un asentamento mariñeiro. Di a lenda que uns mariñeiros atoparon no mar unha imaxe da Virxe cun neno nos brazos e decidiron entregarlle ó crego. Dise que daquela non había igrexas tal e como as coñecemos agora, se non que eran casas de oración das que aínda hoxe se conserva unha (como vivenda): a casa dos de Lameira.

O crego deixou a imaxe no altar e pechou a casa. Ó día seguinte botouna en falta e foi falar cos mariñeiros crendo que eles a colleran, pero non sabían nada.

Pasado o tempo, os mesmos mariñeiros volveron a atopar a imaxe na Ribeira. Déronlla novamente ó crego que, nesta ocasión, se cerciorou de pechar ben a casa, pero disque volveu desaparecer.

O crego mandou ós mariñeiros na súa procura sospeitando que volvería estar no mar e así foi, estaba na Ribeira outra vez.

Esta xente entendeu que a Virxe quería que se lle fixese un santuario na Ribeira.

Mentres que se fixo a obra, a imaxe gardouse na casa dos mariñeiros sen volver a desaparecer.



que resultou con marea chea e mal tempo...

Na excursión están alumnos e ex-alumnos con alguén da familia, na maioría dos casos...

datos recollidos no CRA no 2004-05)

Nosa señora do Porto  
Ten a porta cara o mar  
Para ver ós mariñeiros  
Cando veñen de pescar.

Nosa Señora do Porto  
Ten uns zapatiños brancos,  
As nenas de Valdetires,  
Vanllos ver os días santos.

Nosa Señora do Porto  
Ten uns pendentos de prata,  
Quen llos daría?  
Quen llos deu piúidollos dar.

Nosa señora do Porto  
Ten o tellado de tella,  
Ben podía telo de ouro  
A nosa santa se o quixera.

-Setembro, ou seca as fontes ou  
leva as pontes. Porque ou non chove nada ou moitisi-

-Polo San Miguel, colle e vara e  
mais o caravel. Para recolle-los figos

-O que queira mel que a cate polo  
San Miguel. Porque por estas datas se recolle o mel  
das colmeas das abellas.

Nesta costa hai cantís e neles hai per-  
cebes que hoxe se valoran moito pero Ermitas, a avoa paterna de Sa-  
bela e Dana contounos no 05-06 :

Meu pai ía ós percebes. Ía buscalos co carro e traían 2 ou 3 sacos,  
separaban os grandes que os levaba miña nai a vender a Ferrol, uns  
30 kg (\*e dábanlle moi pouco por eles) e o resto botábanse na ester-  
queira (onde íamos facer de corpo), porque non se lles daba valor... e  
podíamolos dar cocidos con patacas... pero para eles non valían na-  
da. Os mexillóns si, eses comíamolos.

Quen será aquela Señora  
que ven por aquel carreiro?  
É Nosa Señora do Porto  
que vai ver ós de Sequeiro.

Nosa señora do Porto  
Alabada sexa ela  
Ela é a miña madriña  
Eu son afillada dela



Como é setembro collimos estes re-  
fráns tamén dese traballo do CRA  
do 04-05 e do 07-08

O S. Miguel é o 29 de setembro...

- En setembro, colle o viño  
e non durmas polo ca-  
miño. Non te retrases...
- 
- Logo do San Miguel, os fi-  
gos para quen os ten.

Porque xa quedan poucos